

A Real Academia Galega e a Fundación Rosalía de Castro inauguraron o pasado 24 de febreiro (aniversario do seu nacemento) os actos conmemorativos cunha alborada para Rosalía de Castro. A CRTVG elaborará un documental para difundir da figura e a obra de Rosalía. E, pola súa parte, a Fundación Barrié presenta na súa sede en Vigo unha exposición dedicada á autora e a súa xeración. Do mesmo xeito, o Consello da Cultura Galega e a Real Filharmonía de Galicia impulsarán un concerto sobre versos de Rosalía en voces novas, co alumnado de conservatorios, escolas de música e coros infantís.

Ademais, o CCG organiza o congreso internacional “Rosalía no século XXI”, que se vai desenvolver nunha serie de cinco xornadas e no que está programada a participación de cincuenta especialistas. A organización fai un chamamento á participación, non só presencial senón tamén virtual, pois o congreso contempla a posibilidade de contribuír con comunicacións libres, difundidas no enderezo web www.consello-dacultura.org. Neste mesmo espazo web están accesibles recursos tan variados como a reprodución facsimilar da primeira edición de *Cantares gallegos* (Vigo, 1863), un roteiro pola biografía de Rosalía ou os vídeos completos das sesións. Por outra banda, dende a organización tívose especial coitado en presentar unha ampla diversidade de enfoques e abordaxes, convocando investigadores galegos e estranxeiros de campos tan diversos como son a lingüística, o estudos migratorios, a historia da ciencia e do pensamento ou a teoría da literatura. Esta pescuda de “olladas renovadoras” pódenos achegar non só unha Rosalía única e icónica senón ás distintas *Rosalías* como unha fonte de valores para unha transformación dialéctica da realidade.

A primeira xornada, titulada “Rosalía de Castro ante os proce-



O 17 de maio de 1863 asinaba Rosalía de Castro en Santiago a dedicatoria de Cantares gallegos. No ano en curso cúmprese, pois, o sesquicentenario da publicación da obra auroral do Rexurdimento. No marco deste aniversario distintas institucións teñen programadas diversas actividades para homenaxear a poeta maior do galego moderno.

150 aniversario de *Cantares gallegos*

sos de cambio social e cultural do século XIX”, desenvolveuse o pasado 28 de febreiro facendo especial énfase nas conexións con América, o discurso científico do século XIX e os debates contemporáneos e ideolóxicos sobre a lingua galega. Pola organización, **María do Cebreiro Rábade**, no peche da xornada, concluíu que nesta se presentaron ideas innovadoras e debates tan diversos como son a produción literaria das mulleres, as ideoloxías lin-

güísticas ou mesmo se estas xornadas tratan da desmitificación da figura de Rosalía ou dunha remitificación da autora dos *Cantares gallegos*.

Ademais das próximas sesións presenciais na sede do Consello da Cultura Galega, no pazo de Raxoi, tamén están programados actos para outubro no **Instituto Cervantes** de Madrid e para novembro no **Institut de Estudis Catalans** de Barcelona ■ **Facundo Reyna Muniain**